



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 11 de decembro de 2015

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 11/12/2015.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 11/12/2015.
- III. Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnos da ETSE de Minas.
- IV. Horario modificado do segundo cuadrimestre do primeiro curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2015-2016.
- V. Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 15 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: extraordinarias e ordinaria celebradas o 6 de outubro de 2015 e extraordinaria celebrada o 17 de novembro de 2015.

Enviáronse por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola. A Xunta de Escola aproba por asentimento as actas das sesións anteriores: extraordinarias e ordinaria celebradas o 6 de outubro de 2015 e extraordinaria celebrada o 17 de novembro de 2015.

Unha vez aprobadas serán publicadas definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

2. Informe do Director.

O Director informa:

- Creouse un novo apartado de ACREDITACIÓN DE TÍTULOS na web do centro onde figurará a información sobre a renovación da acreditación dos graos do centro prevista para finais de xaneiro/principios de febreiro de 2016. Por exemplo en galego:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?acreditacion-de-titulos-1>

- Aproximadamente a mediados de febreiro 2016 será enviada a convocatoria de eleccións a Director/a da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas, posto que a votación do actual Director levouse a cabo en Xunta de Escola extraordinaria o 22 de marzo de 2013. Na Normativa para a elección de Decanos/as e Directores/as de centro da Universidade de Vigo indicase que o número de membros dos equipos directivos dos centros establece en



función do número de estudantes do centro, correspondendo por números á ETSEM nesta convocatoria 3 vicedecanos/as ou subdirectores/as.

- En resposta ao escrito da Dirección do 6 de marzo de 2015 sobre a solicitude da elaboración dunha normativa sobre os usos de teléfonos móbiles nas aulas durante as clases e os exames, petición realizada pola Comisión de Calidade da ETSEM, recibíuse o 18 de outubro de 2015 un escrito da Secretaría Xeral no que se indica que esa petición será tida en conta no marco do proceso de modificación de Estatutos da Universidade de Vigo e do proceso de revisión da normativa deles emanada.
- Finalizados os prazos de matrícula do curso 2015-2016, a nova matrícula en primeiro curso para o Grao de Enxeñaría da Enerxía foi de 55 e para o Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos foi de 27. A Dirección solicita a colaboración dos membros da comunidade do centro para manter e, si é posible, mellorar estes porcentaxes, sabendo que de acordo coa información dispoñible no Sistema de Información á Dirección (UNIDATA) a día de hoxe o histórico do alumnado matriculado na ETSE de Minas desde a implantación dos novos títulos de grao son, comparados co seu ámbito tecnolóxico próximo e a UVigo, o seguinte:

| CURSO | ETSEMinas | EETelecomunicación | EEIndustrial | UVigo |
|-----------|-----------|--------------------|--------------|-------|
| 2010-2011 | 479 | 1334 | 4558 | 22911 |
| 2011-2012 | 495 | 1286 | 4322 | 22665 |
| 2012-2013 | 537 | 1229 | 4402 | 23215 |
| 2013-2014 | 563 | 1171 | 4270 | 23122 |
| 2014-2015 | 535 | 1101 | 4083 | 22777 |
| 2015-2016 | 531 | 1061 | 3449 | 21714 |

- De acordo coa información dispoñible a día de hoxe no Sistema de Información á Dirección (UNIDATA) na seguinte táboa mostrase o alumnado de novo acceso matriculado nos Mestrados que habilitan para a profesión regulada de Enxeñeiro/a

| CURSO | de Minas | de Telecomunicación | Industrial |
|-----------|----------|---------------------|------------|
| 2014-2015 | 8 + 3FC | 17 | 44 + 1CF |
| 2015-2016 | 20 + 4FC | 18 + 1FC | 35 + 1CF |

FC: Formación Continua CF Complementos Formativos.

A Dirección agradece á Coordinadora do MUEM, Elena Alonso Prieto, e a súa Comisión Académica o traballo realizado.

- Comezaron as tarefas de adaptación de accesibilidade da web do centro, polo menos ao Nivel -1, de acordo cos últimos informes de seguimento dos títulos da ETSEM que recordan que varios decretos e leis establecen que as páxinas web das Administracións Públicas deben ser accesibles para garantir o acceso universal e non discriminar a ningún cidadán. Por exemplo, a Lei 56/2007, de 28 de decembro, de Medidas de impulso da sociedade da información, recolle que “A partir do 31 de decembro de 2008, as páxinas de



Internet das Administracións Públicas satisfarán, como mínimo, o nivel medio dos criterios de accesibilidade ao contido xeralmente recoñecidos”.

- Os coordinadores dos graos (Carmen Pérez Pérez e David Patiño Vilas) realizaron a documentación de correspondencia entre competencias/materias das nosas memorias e as competencias requiridas polo programa EUR-ACE®, co obxectivo de solicitar este selo internacional xunto co inminente proceso de renovación da acreditación dos títulos no curso 2015-2016. Con posterioridade á realización de este traballo fomos informados de que ANECA non era quen de facer no ano 2016 as Acreditacións Euro-Ace (Acredita+) nos graos de enxeñaría do Sistema Universitario Galego quedando postergado o proceso para o futuro, pero xa desagregado do noso proceso de renovación de acreditación. A Dirección entende que non é responsabilidade da UVigo estes feitos e agradece o traballo realizado polos coordinadores, que espera poda ser empregado a medio prazo.
- No apartado de Evidencias do SGIC da web da ETSEM publicouse o Procedemento para o Seguimento e Control da Docencia (R2-DO-0201) que ten por obxecto establecer os procedementos para o seguimento das obrigas docentes do profesorado da ETSE de Minas, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=433>

Nese mesmo apartado foron actualizados os diversos documentos do curso 2015-2016.

- No apartado NORMATIVAS da web do centro atópase publicado o Regulamento de Réxime Interno da ETS DE Enxeñaría de Minas (Aprobado pola Xunta de Escola da ETSE de Minas na súa sesión do 6 de outubro de 2015 e Aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión do 29 de outubro de 2015), por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=25>

- Enviouse ás listas da ETSEM a Resolución da Dirección Xeral de Política Universitaria, pola que se publica o Acordo de Consello de Ministros polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel MECES do Título Universitario Oficial de Enxeñeiro/a de Minas (BOE 249 de 17 de outubro de 2015).
- Enviado un aviso o 29 de outubro ao profesorado do centro informando de que a data límite para efectuar o gasto do presuposto asignado ás áreas neste centro era do 20 de novembro de 2015 quedou á disposición directa do centro uns 2500€ da correspondente partida orzamentaria. O centro tamén dispuxo a finais de novembro duns 3000 € do orzamento 2015 do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas o cal é agradecido pola Dirección.
- Os días 30 e 31 de outubro realizouse, en colaboración con ACLUXEGA, un “Curso de Perforación Xeotérmica” que recibiu unha axuda do Consello Social de 100 € por estudante da comunidade universitaria ou recente egresado matriculado, ata un máximo de 2000 € Un curso como este, no que se presentan estas tecnoloxías de aproveitamento de recurso natural, no que se refire a captación de calor, son de interese para os nosos titulados



posto que as instalacións xeotérmicas están suxeitas ao RXNBSM (Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira) e precisan para a súa tramitación e autorización dun proxecto redactado por técnicos competentes (como por exemplo os/as Graduados/as en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, os/as Enxeñeiros/as de Minas ou os/as Mástres en Enxeñaría de Minas) e a conseguinte Dirección Facultativa do mesmo. Por suposto nos traballos da instalación de superficie son competentes titulados tamén de outras enxeñarías. As enquisas recibidas amosan un alto grao de satisfacción por parte do alumnado participante. Con máis de 40 inscritos, os resultados máis salientables foron recollidos nunha nova publicada polo DUVI:

http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10521&Itemid=43

- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais organizou o 4 de novembro na ETSE de Minas un curso de “Alarma e evacuación” cunha práctica de manexo de extintores e outra nunha práctica nunha aula con fume para facer un simulacro de evacuación. No apartado de Prevención de Riscos da web do centro poden atoparse as dúas presentacións empregadas por SEGANOSA durante o mesmo:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=821>

- A Dirección foi convocada o 4 de novembro a unha reunión para abordar a elaboración do informe de “Revisión pola dirección” e as dúbidas e cuestións relativas á aplicación UVIGODAT. A Secretaría do centro Natalia Caparrini Marín asistiu á mesma o cal é agradecido pola Dirección.
- A Sección de Información ao Estudantado da UVigo (SIOPE) presentou aos centros unha proposta de divulgación das titulacións baseada na creación de vídeos divulgativos que proporcionen información, basicamente audiovisual, nun formato de testemuño semellante ás probas piloto realizadas co alumnado de primeiro curso (2014/2015) que recibiron o Premio Extraordinario de bacharelato que concede a UVigo, no noso caso:

<http://tv.uvigo.es/serial/index?id=2330>

dando breve información sobre, por exemplo, as características dos graos, as súas saídas profesionais, ou as singularidades do centro. Nesta ocasión as persoas implicadas na gravación do pasado 11 de novembro foron a Dirección, os Subdirectores David Patiño Vilas (Grao EE) e María Araújo Fernández (Grao ERME) e o alumnado Raquel Pérez Orozco/Pablo Álvarez Pequeño (Grao EE) e Carolina Rodríguez Hermida/Marcos González Bello (Grao ERME). A Dirección agradece a colaboración prestada.

- Na páxina web da Secretaría Xeral, en “Información de Interese”, incluíuse un novo apartado denominado “Preguntas frecuentes”. A dirección de acceso, enviada ás listas do centro, é a seguinte:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Secretaria_xeral/PREGUNTAS_FRECUENTES.pdf



- Aprobáronse pola Comisión Permanente da ETSE de Minas tres propostas de Curso Complementario a impartir no noso centro:

- Fundamentos de cálculo técnico e científico con Matlab
- Introducción á creación e xestión de sitios web con Wordpress
- Planificación e seguimento de proxectos con Microsoft Project

unha vez aprobados tamén pola COAP son publicados na aplicación BUBELA e na páxina Web da Universidade. A Dirección agradece a iniciativa do profesor José Ignacio Armesto Quiroga por coordinar a organización dos mesmos na ETSEM.

- O coordinador de Prácticas en Empresas, o profesor Javier Taboada Castro, foi encargado de facer chegar as nosas empresas e asociación colaboradoras a información da 5ª CONVOCATORIA do Programa de prácticas Santander-CRUE-CEPYME 2016 (<http://www.becas-santander.com/>). O programa está dirixido a estudantes de grao e de mestrado das universidades españolas para que realicen prácticas formativas nunha PEME/microempresa durante tres meses. O prazo de inscrición para alumnado e empresas remata o 31 de xaneiro de 2016. Recibiuse información tamén sobre o programa 'Jóvenes con futuro Spain' da Fundación Banco Sabadell para que titulados con perfil tecnolóxico poidan traballar en empresas tecnolóxicas de primeiro nivel durante 6 meses en España. A convocatoria está aberta ata o 20 de decembro:

<http://www.stepon.com/es/jovenesfuturo/jovenes-espana/>

- Do 16 ao 20 de novembro celebrouse a Semana da Ciencia 2015 no centro. A información xerada durante á actividade: dípticos, carteis, itinerancia, exemplos de informes termográficos, enlaces, notas de prensa, ... pode atoparse nas seccións Semana da Ciencia/Semana de la Ciencia/Science Week da nosa web:

EN GALEGO: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?ide=81,0,0,1,0,0>

EN CASTELÁN: <http://etseminas.uvigo.es/cms/cms/index.php?ide=114,0,0,1,0,0>

EN INGLÉS: <http://etseminas.uvigo.es/cms/cms/index.php?ide=208,0,0,1,0,0>

Tamén hai información no vestíbulo do centro onde quedou montada unha exposición permanente sobre o Ano Internacional dos Solos e a relación do noso alumnado egresado con solo e o subsolo, que inclúe un modelo de solo de Goián (Tomiño-Pontevedra) preparado pola profesora Teresa Rivas Brea.

Unha actividade de difusión da oferta formativa, investigadora e de transferencia do centro cun número oficial de inscritos no 2015 de 924 persoas de 29 centros, incluída a visita do Centro Alborada, abrindo así a actividade a colectivos que non participan habitualmente en



estas actividades de divulgación científica e tecnolóxica. 43 centros de ensino preuniversitario de Galicia non tiveron a oportunidade de asistir ao non acadar unha quenda axustada as súas necesidades.

A actividade contou coa presenza do Reitor na súa inauguración e ademais co apoio, o cal agradecemos, do Consello Social da UVigo, da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, da Cámara Oficial Mineira de Galicia, do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, do Instituto Xeolóxico Mineiro de España (IGME), da Asociación Clúster da Xeotermia de Galicia (ACLUXEGA), da Asociación de Áridos de Galicia (AGA) e do DUVI, que fixo dúas Notas de Prensa:

http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10481&Itemid=39

http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10601&Itemid=23

A actividade tivo unha moderada repercusión nos medios de comunicación cunha decena de Notas de Prensa e a UVigoTV realizou unha gravación da mesma o 16 de novembro. As enquisas recibidas amosan un alto grao de satisfacción por parte dos participantes (alumnado e profesorado que os acompaña). A actividade contou no 2015 co traballo, o cal é agradecido, das seguintes persoas:

José Benito Vázquez Dorrió, Carmen Pérez Pérez, David Patiño Vilas, Enrique Granada Álvarez, Higinio González Jorge, Javier Taboada Castro, María Araújo Fernández, Marta Cabeza Simó, Natalia Caparrini Marín, Pedro Arias Sánchez, Teresa Rivas Brea, Ángeles Saavedra González, Aimara Reyes Pantoja, Alexandre Filgueira Lago, Aránzazu Pintos Alonso, Beatriz Guitán Saco, Bran Touriño Andrade, Carla Iglesias Comesaña, David Álvarez González, Diego Faro Malvar, Iván Veleiro Pinal, Jaime García Iglesias, Javier Puga Alonso, Jessica Ingrid Piñeiro di Blasi, Laura Iglesias Alonso, Marcos González Bello, Mario Soilán Rodríguez, Óscar Iglesias Valiño, Rodrigo Graña Molina, Rosalia Carrillo Pérez, Sergio Búa Fernández, Uxía Castro Filgueira, Arturo Martínez Fernández, Beatriz Mosteiro García, Jesús García Caurel, Jorge Souto Santomé, José Paz López, M^a Carmen Romo Pérez, Mónica Méndez López.

- A Dirección asistiu invitado, o 18 de novembro en Santiago de Compostela, á presentación do convenio *Instituto Geológico y Minero de España (IGME)* coa *Asociación Nacional de Empresas de Aguas de Bebida Envasadas (ANEABE)* acto articulado entorno ao coloquio titulado “*El Agua Mineral Natural: recurso minero y producto alimentario singular*”. A Universidade de Vigo e o IGME teñen firmado un convenio educativo de colaboración en vigor desde o 15 de xaneiro de 2015 para a realización de prácticas académicas externas.
- O 25 de novembro celebrouse no vestíbulo da ETSEM unha actuación musical dentro do Vertixe Vigo 2015, onde o compositor galego Pablo Beltrán estreou aquí a súa viaxe nas marxes cambiantes do río Sisili e fusiona, sons acústicos e materiais procesados electronicamente na procura dos catro elementos e a simbiose coa cultura africana. Máis información na nova do DUVI:



http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10650&Itemid=47

- Desde o Negociado de Asuntos Xerais reenviáronse varios correos sobre a habilitación na Secretaría Virtual da aplicación para a Planificación de Enquisas de Avaliación Docente (EAD), co obxecto de que o profesorado puidera programar de maneira persoal as enquisas das materias que imparte e determine a data e horario de realización que lle conveña. Desafortunadamente a empresa contratada para prestar o o servizo para a realización das EAD renunciou e o proceso retrasou o cronograma inicial ata a contratación dunha segunda empresa. A Dirección recibiu as desculpas dos responsables da UVigo que foron aceptadas e son agora comunicadas a esta Xunta de Escola.
- O recente ingreso do VAD e o importante aforro no 2015 en partidas como, entre outras, comunicacións telefónicas, dietas, material de oficina, atencións protocolarias, ... permitiron a fin de ano levar a cabo, entre outros, os seguintes gastos: acolchado de bancadas na aula M213; novos accesos biométricos (sala de videoconferencia, aulas de informática de acceso libre e aula de grao); mobles auxiliares para as aulas para gardar material docente; renovación de pantallas de proxección en aulas; instalación de proxectores en laboratorios; camisas e trofeos para a VI Carreira Popular Santa Bárbara; un novo monitor de avisos; tres novos portátiles e unha videocámara para préstamo, etc. Estas tarefas de xestión económica foron coordinadas polo subdirector David Patiño Vilas e a Xefa do Negociado M^a Carmen Romo Pérez, co apoio da Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Ana Cacheiro Seguí, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.
- A Dirección e o Subdirector de Asuntos Económicos e Infraestruturas mantiveron unha reunión co Vicerreitor de Economía e Planificación e o Comisionado de Plans Estratéxicos onde foron informados da proposta de criterios de financiamento das escolas e facultades que logo foi sometido á aprobación do Consello de Goberno. O modelo de reparto do financiamento estrutural baséase en tres criterios: reparto fixo por centro (30%), número de créditos matriculados (60%) e superficie do centro (10%). Así mesmo o Contrato Programa modifica indicadores como os derivados do Plan de Financiamento do SUG 2016-2020 e incorpora agora o VAD. En breve recibirase o importe definitivo.
- As instrucións da Vicerreitoría de Economía e Planificación para o Orzamento do 2015 supuxo unha diminución de 163.149€ na partida correspondente aos subministros do centro (221.01). Rematado o exercicio 2015 recibíuse a notificación de que consumo eléctrico e gasóleo no ano 2015 supuxo un aforro de 14.152,98 € que será incorporados ao orzamento para o ano 2016.
- Con motivo da celebración da festividade de Santa Bárbara impartíronse na Aula de Grao da ETSE de Minas o día 1 de decembro ás 12:00 as seguintes conferencias: "O papel do Enxeñeiro e da Enxeñeira de Minas na sociedade actual" por Juan José Fernández Díaz, Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, e "A Lei de Ordenación da Minaría de Galicia: unha aposta por unha minaría sustentable" impartida por Anxo Ramón Calvo Silvos, Ex – Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de



Galicia e actual Decano da Facultade Economía e Empresa da UDC. O éxito da convocatoria foi recollido polo DUVI:

http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10681&Itemid=39

- O 3 de decembro reuniuse a Comisión de Calidade da Universidade de Vigo, un novo órgano encargado de tratar aquelas cuestións que teñan que ver coa planificación, desenvolvemento e avaliación da Calidade na Docencia e na Xestión. Presidida polo Reitor, forman tamén parte desta comisión a Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, o Xerente, o Director da Escola Internacional de Doutoramento, Decanos/as e Directores/as de centro, representantes de diferentes servizos, de alumnado, do persoal, de administración e servizos... O representante das empresas e institucións empregadoras designado polo Reitor é Diego López González, Director da Cámara Oficial Mineira de Galicia e representante da Sociedade na Comisión de Calidade da ETSEM. Así mesmo a Comisión de Calidade da UVigo aprobou nesa reunión, a proposta da Área de Apoio á Docencia e Calidade, a concesión do selo de Calidade da UVigo, entre outras, á ETSEM logo de obter no seu día a Certificación da implantación de Sistema de Garantía de Calidade (FIDES-AUDIT) no ano 2014, importante avance para acadar a acreditación institucional da ETSEM si a metade dos títulos do centro renovan a súa acreditación (de acordo co BOE-A-2015-6708. RD 420-2015).
- A Dirección participou o 3 de decembro en representación da Escola nos actos conmemorativos de Santa Bárbara organizados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia en Santiago de Compostela. A esta celebración asisten, como é habitual, tanto empresarios e interlocutores do sector industrial vinculado á ETSEM como representantes da Administración.
- O pasado 3 de decembro un antigo alumno da ETS de Enxeñaría de Minas e da E de Enxeñaría Industrial enviou un correo empregando unha dirección @alumnos.uvigo.es a unha lista de distribución de correo da Universidade de Vigo (comunidade@uvigo.es) sobre as mencionadas conferencias académicas realizadas na ETSE de Minas en conmemoración coa celebración da súa patroa, Santa Bárbara. A Dirección da ETSE de Minas solicitou á Secretaría Xeral que se tomen as medidas necesarias para que feitos que danan a imaxe do centro, dos seus titulados e, se entende, tamén da propia Universidade de Vigo non se repitan nunha lista de distribución de correo universitaria.
- Un ano máis, con motivo da festividade de Santa Bárbara, patroa de la ETSE de Minas, o día 4 de decembro celebrouse a VI Carreira Popular nas inmediacións deportivas da UVigo, cunha participación aproximada de cen corredores, coa colaboración do Servizo de Deportes da UVigo e organizada polo Cartel de Minas. O resultado deste evento deportivo foi recollido nunha nova do DUVI:

http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10706&Itemid=34



A Dirección agradece as tarefas realizadas.

- O Tribunal do Premio Extraordinario Fin de Carreira nas Titulacións do centro correspondente ao curso académico 2014-2015, propuxo (de acordo coa información aportada pola Área Académica referida aos expedientes do alumnado que finalizou os estudos nese curso) ás seguintes persoas:

- Don Robin Covelo Otero (Enxeñaría de Minas)
- Don José Quiñones Costas (Grao de Enx. dos Recursos Mineiros e Enerxéticos)
- Don César García Veloso (Grao de Enxeñaría da Enerxía)

Esta proposta será ratificada, de selo caso, nesta Xunta de Escola.

- Púxose á disposición da comunidade do centro o calendario da ETSE de Minas para o ano 2016. Pódese aínda recoller no Negociado de Asuntos Xerais do centro. É un calendario con “faldilla” similar aos que se fixeran para os anos 2014-2015, pero cunha nova imaxe semellante a empregada na Semana da Ciencia 2015.
- Con data de 7 de outubro enviouse á Secretaría Xeral a solicitude de cambio de denominación do centro de “Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas” a “Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía”, segundo se aprobou por asentimento o 6 de outubro na Xunta de Escola da ETSE de Minas. O 5 de decembro recibíuse o calendario previsto para a realización dos trámites correspondentes ao cambio de denominación da ETS de Enxeñaría de Minas:

A Proposta do Centro:

1º. Iniciación do EXPEDIENTE polo CONSELLO DE GOBERNO

Data: 21 de decembro



2º. Remisión ao CONSELLO SOCIAL para informe, data 29 de decembro



3º: Exposición pública á comunidade: 1 mes

29 de decembro a 15 de febreiro (prolóngase para compensar Nadal)





4º. Remisión ao CLAUSTRO para informe

Posible data: Finais febreiro ou marzo



5º. CONSELLO DE GOBERNO Aprobación

↓ Posible data: marzo (depende do anterior)



6º. Remisión á XUNTA DE GALICIA

→ CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES para informe



7º. APROBACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

→ Remisión ao RUCT → Publicación no DOG → Comunicación á Conferencia Xeral de Política Universitaria

➤ No proceso electoral na ETSE de Minas para eleccións a representantes na Xunta de Escola presentáronse o seguinte número de candidaturas:

- Sector: P.D.I. sen vinculación permanente (6 candidaturas para 6 vacantes)
- Sector: ALUMNADO (15 candidaturas para 20 vacantes)
- Sector: P.A.S. (3 candidaturas para 7 vacantes)

A Dirección agradece a participación voluntaria neste proceso electoral e agradece ao P.D.I. sen vinculación permanente e ao alumnado que non continúa nesta Xunta de Escola as tarefas de colaboración co centro realizadas.

➤ Da Vicerreitoría de Organización académica e profesorado recibíuse a notificación da concesión de dúas bolsas de Calidade dos centros 2015/2016 de 40 horas mensuais durante catro meses. Rematado o trámite de presentación de solicitudes por parte do alumnado



interesado, o calendario enviado ao centro pola Sección de Bolsas indica que o 19 de xaneiro será publicada a Resolución Reitoral cos/as candidatos/as seleccionados/as para incorporarse deseguido. A Dirección agradece a axuda outorgada.

- En resposta ao escrito da Dirección de 5 de outubro sobre o os exames de Acceso á Universidade en setembro a Secretaría Xeral enviou un escrito o 27 de novembro onde se indica que as tres universidades do SUG solicitaron repetidas veces a modificación no calendario na convocatoria extraordinaria ao órgano competente sen éxito. Indícase que será no futuro Consorcio Interuniversitario Galego onde, entre outras, se redefinirán as novas probas de acceso e admisión de alumnado á universidade, así como o calendario das correspondentes probas.
- A Dirección da ETSE de Minas solicitou que na redacción da "Normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2016/17" ou documento similar de aplicación no curso próximo fora incluída a posibilidade da cesión voluntaria das horas de desconto por xestión de Directora / Director / Decana / Decano aos membros do seu equipo directivo / decanal en beneficio da Escola/Facultade. De non ser posible solicitouse a inclusión da posibilidade de que os centros interesados soliciten unha bolsa de horas para os equipos directivos / decanais para ser distribuídas de acordo coas necesidades do centro.
- A piques de rematar o 2015 o número de Notas de Prensa xeradas pola comunidade do centro é actualmente de 148, número destacado e considerable. Por exemplo, nos anteriores anos: 2014 (155); 2013 (97); 2012 (97); 2011 (97); 2010 (79); 2009 (98); 2008 (63) e 2007 (41). Poden verse as mesmas na sección Prensa da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=13.0.0.1.0.0>

Sendo a presenza positiva nos medios da ETSEM boa para o centro, para o antigo alumnado e para a profesión a Dirección agradece a implicación da comunidade do centro nesta rendición de contas á Sociedade.

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, é enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola, pregándose a súa difusión entre os contactos potencialmente interesados.

3. Ratificación da proposta de Premios Extraordinarios das titulacións impartidas na ETSE de Minas.

Os tribunais designados para Premios Extraordinarios das titulacións impartidas na ETSE de Minas fixeron a seguinte proposta:

- Don Robin Covelo Otero (Enxeñaría de Minas)
- Don José Quiñones Costas (Grao de Enx. dos Recursos Mineiros e Enerxéticos)
- Don César García Veloso (Grao de Enxeñaría da Enerxía)



A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar dita proposta.

4. Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Calidade da ETSE de Minas.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a modificación da Comisión de Calidade da ETSE de Minas na que agora a profesora María Araújo Fernández figura como representante de Calidade do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas en lugar de como representante do MUTMA, que xa non se imparte na ETSEM.

5. Aprobación, se procede, de informes sobre actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

Solicitaron informe sobre a súa actividade docente os/as seguintes profesores/as:

| NOMBRE | ÁREA | PERÍODO |
|---------------------------------------|---|-------------------------|
| Dona Elena Alonso Prieto | Explotación de Minas | 10-11-2010 / 09-11-2015 |
| Dona Estrella Álvarez da Costa | Enxeñaría Química | 01-10-2010 / 30-09-2015 |
| Don Ángel Manuel Espada Seoane | Enxeñaría de Sistemas e Automática | 17-10-2010 / 16-10-2015 |
| Dona Secundina García Conde | Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos | 12-01-2010 / 12-01-2015 |
| Don Eduardo Liz Marzán | Matemática Aplicada | 12-11-2010 / 11-11-2015 |
| Dona Ana Belén Moldes Menduiña | Enxeñaría Química | 27-07-2010 / 26-07-2015 |
| Don José Enrique Martín Suárez | Explotación de Minas | 2011 - 2015 |
| Don Jorge Carlos Morán González | Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos | 01-01-2010 / 31-12-2015 |
| Don Andrés Augusto Noguerias Meléndez | Tecnoloxía Electrónica | 22-11-2010 / 22-11-2015 |
| Dona Gloria Pena Uris | Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica | 17-10-2010 / 16-10-2015 |
| Dona Flor Pérez Paz | Filoloxía Inglesa | 17-10-2010 / 16-10-2011 |
| Don Camilo Quintáns Graña | Tecnoloxía Electrónica | 18-10-2010 / 31-12-2015 |
| Dona Loreto Rodríguez Pardo | Tecnoloxía Electrónica | 01-01-2011 / 30-09-2015 |

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, informar favorablemente a actividade docente do antedito profesorado.



6. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnos da ETSE de Minas.

Achegouse por correo electrónico a proposta de Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnos da ETSE de Minas e a Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o mencionado Regulamento, que se achega a esta acta como Anexo III.

7. Modificación, se procede, do horario do segundo cuadrimestre do primeiro curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2015-2016.

Achegouse por correo electrónico a proposta de modificación do horario do segundo cuadrimestre do primeiro curso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2015-2016. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a mencionada modificación. Achégase como Anexo IV o novo horario afectado.

8. Aprobación, se procede, de Autoinformes DEFINITIVOS de Acreditación/Seguimento dos títulos adscritos á ETSE de Minas, logo de incorporar as modificacións enviadas pola Área de Calidade.

Achegáronse por correo electrónico os Autoinformes DEFINITIVOS de Acreditación/Seguimento dos títulos adscritos á ETSE de Minas, logo de incorporar as modificacións enviadas pola Área de Calidade e a Xunta de Escola acorda, por asentimento, as súa aprobación, esta documentación foi aprobada previamente por a Comisión de Garantía de Calidade da ETSE de Minas e será remitida en prazo á Área de Calidade da UVigo para a súa remisión á ACSUG. A documentación foi preparada pola profesora Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase como Anexo V. a documentación referida a este punto.

9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Non hai.

10. Rogos e preguntas.

Logo de varios comentarios sobre o desenvolvemento do proceso de Planificación de Enquisas de Avaliación Docente (EAD), o Negociado centralizará a recepción das incidencias detectadas polo profesorado e será enviado un escrito á Área responsable da Universidade de Vigo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a once de decembro de dous mil quince.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria



José Benito Vázquez Dorrío

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 11/12/2015.



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 11/12/2015.



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 11/12/2015

| Profesorado | |
|---------------------------------------|---------------------------------------|
| 1. | Álvarez Vázquez, Lino José |
| 2. | Araújo Fernández, María |
| 3. | Cabeza Simó, Marta |
| 4. | Caparrini Marín, Natalia |
| 5. | Correa Otero, Antonio |
| 6. | Eguía Oller, Pablo |
| 7. | García Bastante, Fernando |
| 8. | González Jorge, Higinio |
| 9. | González Rodríguez, Elena |
| 10. | Liz Marzán, Eduardo |
| 11. | López-Cancelos Ribadas, Rubén |
| 12. | Mandado Vázquez, Alfonso Modesto |
| 13. | Martín Suárez, José Enrique |
| 14. | Morán González, Jorge |
| 15. | Patiño Vilas, David |
| 16. | Pérez Pérez, M ^a Carmen |
| 17. | Saavedra González, Ángeles |
| 18. | Vázquez Dorrió, José Benito |
| Alumnado | |
| 19. | Alonso Sanmartín, Uxía |
| 20. | Búa Fernández, Sergio |
| 21. | Carrillo Pérez, Rosalía |
| 22. | Graña Molina, Rodrigo |
| 23. | Rodríguez Hermida, Carolina |
| P.A.S. | |
| 27. | Romo Pérez, M ^a del Carmen |
| Total membros Xunta de Escola: | 53 |
| Asistentes: | 27 |

Escusan a súa ausencia:

- Dona Elena Alonso Prieto
- Don Ángel Manuel Espada Seoane
- Dona Teresa Rivas Brea
- Dona Ana María Ulla Miguel
- Don Javier Vijande López



ANEXO III

Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Alumnos da ETSE de Minas



ANEXO IV

**Horario modificado horario do segundo cuadrimestre do primeiro curso
do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico
2015-2016**



ANEXO V

Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas